



“Lingoa proletaria do meu pobo
eu fáloa porque sí, porque me gusta,
porque me peta e quero e dame a gaña
porque me sai de dentro, alá do fondo
dunha tristura aceda que me abrangue
ao ver tantos patufos desleigados,
pequenos mequetrefes sin raíces
que ao pór a garabata xa non saben
afirmarse no amor dos devanceiros,
falar a fala nai,
a fala dos abós que temos mortos,
e ser, co rostro erguido,
mariñeiros, labregos do lingoaxe,
remo i arado, proa e rella sempre.

Eu fáloa porque sí, porque me gusta
e quero estar cos meus, coa xente miña,
perto dos homes bos que sofren longo
unha historia contada noutra lingoa. (...)”

Longa noite de pedra (1962)

CELSE EMILIO FERREIRO

(Celanova, 1912 – Vigo, 1979)

Foi un escritor, procurador, político, corrector de estilo e dinamizador cultural. Participou na constitución da Federación de Mocidades Galeguistas e da UPG, e foi candidato ao Senado polo Partido Socialista Galego. Colaborou en diversas publicacións ao longo da súa vida, coma *Finisterre*, *Vieiros* e *Faro de Vigo*. Dirixiu a colección de poesía Salnés, da Editorial Galaxia, e tomou parte nas retransmisións radiofónicas *Galician Programme* que realizou a BBC sobre Galicia.

GRANDES ÉXITOS



1962

Longa noite de pedra (1962), é unha obra poética de grande éxito con numerosas edicións e traducións. Ten a súa orixe no encarceramento que sofre o autor en 1937 e xira arredor da falta de liberdade, da solidariedade, do amor pola lingua, da esperanza e da situación social imperante daquela en Galicia.

Viaxe ao país dos ananos (1968) é un libro de poemas no que se critica de xeito satírico a emigración galega en Venezuela. A súa aparición foi recibida con certa polémica por parte da colectividade emigrante.



1968

Outras das súas obras son *O soño sulagado* (1955) e *Onde o mundo se chama Celanova* (1975).

“Foi a figura máis representativa dunha poesía aceda e directa que serviu de guía a unha boa parte dos poetas galegos dos anos setenta. Ferreiro consagrou a recuperación do realismo social na literatura galega do seu tempo.”

Historia da literatura galega (1984), Francisco Fernández del Riego

